



Código do documento	Código do expediente
USG12I00TE	USG/2018/150
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6Q6G 033H 2D5U 0J5H 0CFK	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 13 DE SETEMBRO DE 2018

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día trece de setembro de dous mil dezaoto, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARIA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARIA DEL CARMEN VARELA CORBELLE
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a MARTA MARIA IGLESIAS BECERRA
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a MARTA MARIA FIGUEROA FUENTES
D. MIGUEL SUAREZ GARCIA
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

Polo Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR

D. ANTONIO CAÑAS VARELA
D^a LUCIA ISABEL FARIÑAS SEOANE (que se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta)
D. JAIME MOSCOSO MUIÑOS

Polo Grupo Municipal de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DE CULLEREDO

D^a MARIA ALICIA FERREIRO VARELA
D^a. NURIA CARBALLEDA FEIJOO

Polo Grupo Municipal da MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO

D. JOSE JUAN SANTOS IGLESIAS
D. MANUEL ISIDRO TAIBO GAGO

Polo GRUPO MIXTO

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO (BNG)
D. JESÚS MANUEL VÁZQUEZ LOZANO (CIDADÁNS)

Concelleira non adscrita

D^a VERÓNICA RIVADULLA DESCHAMPS

Non asisten á sesión a sra. Concelleira dona D^a MARÍA OFELIA RAMOS LUNA nin o sr. concelleiro don CARMELO CORTÉS SÁNCHEZ

Asiste á sesión o interventor municipal accidental, don Roberto Babío Fernández e da fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG12I00TE	USG/2018/150
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6Q6G 033H 2D5U 0J5H 0CFK	

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA EN DATA 26/07/2018

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 26 de xullo de 2018, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión ordinaria celebrada en data 26 de xullo de 2018, sendo aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada en data 26 de xullo de 2018.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUN EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CO SUPERÁVIT DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2017.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data 18 de xullo de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Contratación, na súa sesión de data 6 de setembro de 2018, que literalmente di:

“PROPOSTA

A liquidación do orzamento do exercicio de 2017 reflicte un remanente de tesouraría por importe de 7.368.653,90 euros e un superávit por importe de 1.774.653,23 euros.

A Disposición Adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, establece unhas regras especiais para o destino do superávit orzamentario aplicábeis ás Corporacións locais que non superan os límites fixados na lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento, que presentan no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais.

Esta disposición establece a posibilidade de investir o superávit no financiamento de investimentos financeiramente sustentables, isto é, gastos de capital imputables ao capítulo 6 do orzamento que teñan unha vida útil superior a 5 anos e que permitan dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública.

O artigo 1 do RD-L 1/2018, de 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sustentables e se modifica o ámbito obxectivo destes, permite empregar o superávit derivado da liquidación do orzamento de 2017 conforme ao establecido na DA decimosexta da Lei reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004).

En base ao anterior, este concello pretende destinar o superávit orzamentario do exercicio 2017 ao financiar investimentos que teñen a consideración de financeiramente sustentables: obras de renovación de pavimentos na Rúa As Brañas, Jorge Guillén e Avda. de Fonteculler; renovación do vial VP-124 en Fonte da Balsa; remodelación da



Código do documento	Código do expediente
USG12I00TE	USG/2018/150
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6Q6G 033H 2D5U 0J5H 0CFK	

Praza e Parque Infantil en igrexa de Vilaboa; obras en campos de fútbol e acometer un programa de renovación de vías e camiños municipais.

As obras sinaladas anteriormente ou ben non están previstas no anexo de investimentos do orzamento municipal ou ben o están por un importe inferior ao que finalmente se estima necesario para a execución das obras, polo que resulta necesario acordar o inicio do correspondente expediente de modificación de créditos.

En base a todo o que se propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- A aprobación inicial dun expediente de suplemento de crédito, segundo o seguinte detalle:

Aplicación Orzamentaria	Obra	Importe
1531-61900	Renovación de pavimentos na Rúa As Brañas, Jorge Guillén e Avda. de Fonteculler Renovación do Vial VP-124 en Fonte da Balsa (Concello de Culleredo – A Coruña) Renovación de camiños e vías municipais	1.147.272,24 €
171-61900	Remodelación da Praza e Parque Infantil en Vilaboa (Igrexa)	69.898,80 €
342-61900	Obras en campos de fútbol	57.482,19 €

C.I.F. P-1503100-H

Co seguinte financiamento:

Concepto de ingresos	870.00
Importe	1.274.653,23 €

Segundo.- Expoñer ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, por espazo de 15 días o devandito expediente, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Si durante do mencionado prazo non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que se trae para o seu estudio e aprobación, se procede, un expediente de suplemento de crédito que se pretende financiar co superávit derivado da liquidación do orzamento do 2017, que reflectiu un remanente de tesouraría moi importante, probablemente o máis elevado da serie histórica do Concello de Culleredo, por un importe de 7.368.653,90 euros; que o Concello de Culleredo, como consecuencia da liquidación do orzamento do exercicio 2017 ten unha capacidade importante de endebedamento, un superávit por importe de 1.774.653,23 euros desde o punto de vista non financeiro, e de 1.345.935,16 euros desde o punto de vista financeiro, sendo estas contas arroxadas pola Intervención municipal; que como consecuencia deste superávit, en torno a 7.400.000 euros, e unha capacidade duns 1.800.000 euros e un superávit duns 1.400.000 euros no financeiro, a normativa permite destinar ese superávit a unha serie de partidas sempre que sexan financeiramente sustentables e cumpran unha serie de requisitos: o primeiro é que o investimento sexa financeiramente sustentable, que o Concello cumpra con todos os parámetros esixidos para poder endebedarse, que o Concello non teña débedas cos provedores pendentes de aplicar ao orzamento, estando neste momento a conta 413 con importe cero, é dicir, non hai ningún tipo de débedas con provedores; que o último requisito a cumprir é que o Concello amortizase previamente o endebedamento financeiro, non existindo no caso do Concello de Culleredo débeda bancaria, non existe débeda financeira, sendo a débeda bancaria a día de hoxe de cero euros; que o único préstamo que neste



Código do documento	Código do expediente
USG12I00TE	USG/2018/150
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6Q6G 033H 2D5U 0J5H 0CFK	

momento ten o Concello é o derivado da realización das obras do Plan de Obras e Servizos da Deputación, un préstamo a tres anos cun tipo de interés cero que se está devolvendo en tempo e forma; que estes son os requisitos exixidos pola normativa, polo Real Decreto 1/2018.

Continúa a súa intervención dicindo que estes investimentos financeiramente sustentables pretenden destinarse a obras en campos de fútbol, por un importe de 57.482,19 euros, a unha obra de "Renovación de pavimentos na rúa As Brañas, Jorge Guillén e avda. De Fonteculler", por importe de 442.979,21 euros, a unha "Renovación do Vial VP-124 en Fonte da Balsa", por importe de 359.012,86 euros, e a "Remodelación da Praza e Parque Infantil en Vilaboa" por importe de 69.898,80 euros, e a unha serie de renovacións de camiños e viais municipais por importe de 345.180,17 euros, sendo o sumatorio destas partidas un total de 1.274.653,23 euros, para o que pide o apoio favorable.

(neste momento incorpórase á sesión a señora concelleira dona Lucía Isabel Fariñas Seoane)

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que desde Ciudadanos consideran que está ben que o Concello de Culleredo, que a día de hoxe non teña contraída débeda ningunha, poida reinvestir o superávit; que están totalmente de acordo pero que hai un informe de Intervención relativo ao problema que podería ter o equilibrio presupostario, motivo polo que desde Ciudadanos teñen medo de que para poder realizar estes investimentos e non poñer en perigo o equilibrio presupostario se teñan que deixar de facer outras obras polo que solicitan se lles diga se esta cuestión está definida de cara ao peche do presente exercicio orzamentario, pois o informe é de exclusión caso de non subsanarse a dita cuestión.

C.I.F. P-1503100-H

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que esta proposta xa foi levada e retirada na Comisión informativa do mes de xullo sen necesidade de que houbera debate naquel momento xa que a propia concelleira de facenda e patrimonio estimou que cos informes en contra que había, tan concluíntes, tan nítidos, tan ineludibles, non era posible sequera sometelo a debate; que todos queren que haxa recursos para financiar as obras e servizos necesarios para cubrir as necesidades da veciñanza e que para iso están no Pleno, e como xa comentou outra vez, o BNG ten feito achegas ao orzamento de 2018 non só polo lado do gasto senón polo do ingreso, crendo que eran para ter en conta pero a soberbia do goberno municipal impediulle nen sequera lelas, volvendo facer propostas este ano nese sentido; que ao longo destes días presentará as propostas para reformar ordenanzas fiscais que optimicen a tributación (mellora nos ingresos polo IBI da igrexa ou as conducións enerxéticas), incrementen o control sobre o reparto das cargas tributarias entre todas e todos (control sobre o pago dos vados ou desgravacións na taxa da auga por deficiente servizo ou repercusión polo aforro que está tendo a compañía xestora) estando o seu compromiso fora de toda dúbida.

Continúa a súa intervención dicindo que o problema que ten o equipo de goberno municipal está en que venden o pelexo antes de cazar o animal; que vai facer un ano que o Sr. Rioboo tomou posesión como alcalde e desde esa data, aínda que xa ven de antes, levan facendo propaganda de obras conxugadas en futuro imperfecto: Culleredo terá..., o goberno municipal fará..., reformará..., ampliará..., etc..., sendo incapaces de agardar a ter garantida unha mínima viabilidade dos proxectos, pasando despois cousas como a que hoxe presentan: un plan de financiamento para obras que non pode ser, dicindo que hai un exemplo ben gráfico xa que unha das propostas que o goberno fai para investir este remanente é a Remodelación da Praza e Parque Infantil en Vilaboa (Igrexa), cando se se acode á hemeroteca se pode ver que "Culleredo ampliará el espacio infantil de la plaza de la iglesia Vilaboa"; que o goberno trata as arcas municipais coma se fora o saco de arroz de Aladino, que ía collendo e nunca se acababa e sobre o que non era preciso control, non tendo máis que botar un ollo ao informe de reparos da intervención que ven na documentación deste Pleno, un mes máis, non sendo cuestións sobrevidas como intentan facer crer, senón servizos que no seu día estiveron contratados e aos que lle venceu o contrato, en ben de casos, hai moitos anos, e aos que non paran de sumarse outros novos sen que o goberno sexa capaz de licitar, é dicir, facer lícito, darlle cobertura legal, á contratación para cubrir ese servizo, con informes das habilitadas nacionais, Interventora e Secretaria municipais demoledores reiteradamente, mes tras mes, indicando que a contratación verbal está totalmente prohibida pola Lei de contratos, e facelo supón nulidade de pleno dereito; que iso non lles chega e o goberno dá un chimpno máis no intento de facer uso dos fondos públicos de forma caprichosa, presentando hoxe esta proposta na que o informe da interventora indica que o equipo de goberno está comprometendo o futuro porque se incorrerá en

Código do documento	Código do expediente
USG12I00TE	USG/2018/150
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6Q6G 033H 2D5U 0J5H 0CFK	

C.I.F. P-1503100-H

inestabilidade financeira, non hoxe, senón cando se liquide o orzamento de 2018, preguntando cando será iso, se será cando se estea ás portas de proceder democraticamente ao cambio de alcalde, dándolle igual ao equipo de goberno que está disposto a botar os foguetes de sete estalos de fin de festa, recorrendo, aínda por enriba, a un recurso que xa vai cansando, como é pedir informes alternativos para buscar a contradición co pronunciamento da interventora e que, por se non estivera claro abondo, a lexislación ao respecto, acaba recentemente de definir as funcións das habilitadas nacionais nos concellos, no RD 128/2018, onde delimita, non só a quen lle compete, senón o máis importante, quen ten a responsabilidade de informar sobre as cuestións municipais, sendo no caso orzamentario e contable a interventora, polo que non é de recibo que o goberno municipal comprometa a outro funcionario indo buscar outros informes para que como dicía a nota de prensa, para asombro de quen a puido ler, "sortear los obstáculos de la Lei"; que na Opinión do día 17 de agosto de 2018 se puido ler que "Culleredo intentará de nuevo invertir en obras el superávit tras rechazarlo Intervención" e que "Trabaja la fundamentación jurídica de la propuesta para tratar de sortear en el pleno de septiembre las trabas legales que apreció la interventora municipal"; que a Lei define un contexto no que se hai que mover e hai un par de días el escoitaba na radio a un prohome do partido do Sr. Alcalde facer énfase nisto, en que había que cumprir a Lei e que non se podía saltar, parecendo que só lles vale para algúns ámbitos e non para outros como o ámbito municipal; que está de acordo en que este contexto legal non é o acaído e que se está limitando a utilización dos recursos públicos aforrados a base de non poder facer gastos e investimentos en necesidades veciñais crendo que a normativa sobre o emprego do superávit e o remanente non está ben, apoiándoo así cando o equipo de goberno trouxo ao Pleno unha moción para pedir ao goberno do estado que se reformara, tal como lle pedía a FEMP se non lembra mal, debendo agora o goberno perseverar nesa demanda; que hai uns días se puido ler na prensa que "Esperemos que el Estado amplíe el techo de gasto. Sería una buena noticia para los concellos que cumplen el superávit, comenta el alcalde, José Ramón Rioboo", debendo facer ver agora se efectivamente houbo un cambio nas políticas no estado, ou simplemente un cambio de caras, un "quitate ti que me poño eu", ofrecéndose para estar ao carón do equipo de goberno se vai por esa liña pero non obviando unha lexislación que sendo inxusta, vai ter unhas penalizacións que pagarán todos e todas as veciñas de Culleredo nun futuro próximo e que moi posiblemente teña que administrar outro goberno distinto ao que está.

Continúa a súa intervención dirixíndose ao Sr Rioboo e dille que lle queda grande o cargo, que non é capaz de levar o goberno do Concello de Culleredo sen que mes tras mes teñan que estar lembrándolle que non é capaz de contratar a licitación dos servizos públicos e que pensa que é xeneroso dicindo que é unha cuestión unicamente de capacidade, pedíndolle que non comprometa o futuro e que sexa responsable por unha vez e retire esta proposta pois do contrario espera que a maioría que o pobo de Culleredo non lles deu, e que si está do lado da oposición, asuman a responsabilidade de non deixarles prosperar esta proposta irresponsable, solicitando ao equipo de goberno que non comprometa o futuro de Culleredo, que retire esta proposta, evite a propaganda marrulleira, e se busquen entre todos recursos para financiar as obras propostas e outras que serán tanto ou máis importantes e que precisarán deses recursos.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que tal como se dixo a Intervención municipal de Culleredo, a señora Interventora municipal, fixo un informe desfavorable o mes pasado polo que houbo que retirar esta proposta e que queda feo, aínda que supón que non levaría esa intención, que se anulara o pleno do mes de agosto e que agora se faga un informe a última hora intentando contrarrestar o da interventora polo que esta tivo que informar "in extremis" manténdose e ratificándose totalmente no seu primeiro informe; que a Corporación non debería estar para sortear a legalidade, senón para cumplila e para iso están os funcionarios que din como hai que facer as cousas e se os habilitados nacionais informan que algo non se pode facer será por algo, pedindo que non se sortee a legalidade e que se sexa legal, sendo esto o primeiro que piden os veciños; que as obras que se pretenden facer si se apoian e queren que se fagan e ademais hai algunha, como a Remodelación do parque infantil de Vilaboa, que xa hai máis de tres anos que o seu grupo a leva solicitando, pero queren que se faga de forma legal pois cando alguén se pon a xestionar un Concello, o que queren todos os veciños é lóxica, sentido común, e que se xestione de xeito que non se tiren 15.000 euros nuns mirtos, pois con eses cartos e outros poucos máis xa se podería ter ese parque arranxado, pero se se gastan 15.000 euros nuns mirtos que non se sabe ata cando poden estar e cando van secar, tirando os cartos que son de todos, logo hai cousas como pode ser o dito parque, necesario e que podería ser disfrutado por moitos nenos, que non se pode facer neste momento e ten que esperar, solicitando que se xestionen ben os cartos e se deixe de tiralos.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00TE	USG/2018/150
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6Q6G 033H 2D5U 0J5H 0CFK	

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañás Varela quen, unha vez concedido, di que no ano 2016 o Concello pechou o seu exercizo presupostario cunha incorporación de remanentes de preto de seis millóns de euros, superándose no ano 2017 os sete millóns de euros, o que significa que o Concello deixou de gastar, do presupostado e porque non se executaron as obras, máis de sete millóns de euros, dun presuposto aprobado polo mesmo partido que hoxe forma o equipo de goberno de Culleredo, habendo no Concello de Culleredo moitas necesidades que xustificarian ter executados esos sete millóns de euros, podendo axudar a moitas familias, moitas empresas, moitos negocios, moitas rúas en mal estado, moitas estradas que mellorar, moitos parques que mellorar, podendo dar unha lista moito máis longa pero como imaxina que o equipo de goberno terá xa esa lista ou outra moito maior, habería que explicar por que non se teñen executado eses cartos e satisfeito as moitas necesidades que hai; que sobre apoiar ou non esta modificación di que coincide co exposto pola compañeira Alicia Ferreiro en dicir que moitas destas obras están moi ben e son moi necesarias e que quizáis o seu grupo apoiaría outras obras pero entende que é o equipo de goberno o que ten que executalas; que hai un informe de Intervención sobre o investimento do remanente de tesouraría do ano 2017 asinado o día 18 de xullo polo que foi á sesión plenaria do mes de xullo no que se di que “La inversión NO permite, durante su ejecución, mantenimiento y liquidación, dar cumplimiento a los objetivos de estabilidad presupuestaria y deuda pública (.../...)” e no parágrafo seguinte que “Tal y como puse de manifiesto en el informe de estabilidad de la modificación, después de la misma la inestabilidad es de 2.888.504,56 euros”, e xa no último parágrafo “Procede, por tanto, informar desfavorablemente la modificación, (.../...)”; que xa co exposto ata agora se pensaría moito emitir o seu voto a favor desta proposta pero se ademais se le o informe da Intervención relativo á análise da estabilidade presupostaria que na segunda páxina, último parágrafo, a interventora municipal, habilitada nacional, informa que “Teniendo en cuenta, por tanto, que no se trata de incorporaciones obligatorias y que inciden en la inestabilidad de una manera importante, procede informar desfavorablemente la modificación”; que son informes do mes de xullo, habendo tempo suficiente para subsanar o neles exposto, cuestión que non se tivo en conta e a maiores, no informe do mes de agosto, relativo á utilización do remanente de tesouraría do exercicio 2017 para a financiación de investimentos sustentables, conclúese que “Procede informar desfavorablemente la modificación, y cualquier obra derivada de la misma conllevará el correspondiente reparo (.../...)”, engadindo que lle parece difícil dicilo máis claro e que o seu grupo non pode votar a favor desta proposta de modificación porque a forma de facer as cousas non está ben, independentemente de que se estivera ben se puidera discutir que obras serían máis oportunas, pero tendo dous informes desfavorables non entenden que se lles convoque a un pleno extraordinario en setembro para aprobar esto polo que eles non van apoiar esta proposta, parecéndolle moi raro que haxa concelleiros que si o fagan porque supón que se se trae esto ao Pleno será porque conta cun apoio que ten negociado.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que se trata dun suplemento de crédito, de incorporar os orzamentos do Concello, incorporar unha serie de investimentos sustentables, o que significa que todas e cada unha das obras e investimentos que agora mesmo están reflectidas no orzamento non corren perigo ningún de non executarse, tratándose de ampliar a dotación orzamentaria para poder acometer novos investimentos; que se trata dun expediente completo, que conta con todos os informes, cun informe do actual interventor accidental favorable, que conta cun informe da interventora xeral que di que todos e cada un dos requisitos exixidos legalmente polo Real Decreto 1/2018 se cumpren, cuestionándose unicamente se cando se faga a liquidación do exercicio 2018 se podería incurrir ou non nunha suposta inestabilidade, desprendéndose dos informes que obran actualmente no expediente administrativo que esa inestabilidade non se vai producir porque tal como dixo efectivamente o voceiro do grupo municipal do Partido Popular hai un remanente de tesouraría de aproximadamente 7.400.000 euros; que lles gustaría gastar o necesario para cubrir as necesidades que teñen todos e cada un dos veciños de Culleredo pero o impiden as leis de estabilidade presupostaria establecidas polo goberno do Partido Popular e que agora seguen mantendo o dereito de voto no Senado non sendo de recibo que as entidades locais, independentemente de quen as governe, e que actualmente están saneadas, sexan medidas co mesmo raseiro que aquelas que contan con problemas financeiros; que nesta proposta se está falando dun remanente positivo de tesouraría de 7.400.000 euros, dun superávit de 1.800.000 euros, dunha débeda bancaria de cero euros, dunha débeda total do Concello dun 7,5% cando a Lei reguladora de facendas locais permite que se chegue ao 110%, é dicir, non é de recibo que administracións locais que se atopan totalmente saneadas como o Concello de Culleredo e outros moitos gobernados por distintas bandeiras e distintos grupos políticos estén intervidos desta maneira e non poden aplicar os seus remanentes de tesouraría positivos por unhas leis de restricións económicas; que o informe da interventora vai repasando todos e cada un deses requisitos entendendo que se cumpren pero cuestiona a posibilidade de que cando se liquide a conta do 2018 se puidera incurrir en inestabilidade, caso no que levaría reparo pero aínda así non se ratifica no



Código do documento	Código do expediente
USG12I00TE	USG/2018/150
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6Q6G 033H 2D5U 0J5H 0CFK	

establecido no informe anterior pois agora entende que sería un reparo non suspensivo; que non é o primeiro ano que se trae un expediente de suplemento de crédito financiado co superávit do exercicio do ano anterior pois xa o ano anterior se trouxo e non houbo problemas de legalidade; que van solicitar o voto favorable e que o seu grupo vai así o vai emitir coa conciencia de que son obras necesarias para os veciños que se traen a regulación aplicando a normativa.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que respecto ao comentado polo Sr. Taibo Monelos, o que advirte a interventora é que "las modificaciones presupuestarias financiadas con remanente de tesorería para gastos generales no precisarán de elaboración de Plan económico financiero, por razón de inestabilidad, hasta la liquidación del presupuesto, en su caso", o que quere dicir que efectivamente existe a posibilidade de que non se cumpra o principio de estabilidade presupostaria e que debería cumprirse de forma incondicional pois efectivamente se non se executa e non se gasta non se incumple e ao seu entender si se vai cumprir pero a interventora recolle esa precisión pola posibilidade que existe e advirte da necesidade de elaboración dun plan económico-financieiro.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data 18 de xullo de 2018, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.

Votos en contra: 7 (sete) dos sres/as: Cañas Varela, Fariñas Seoane, Moscoso Muíños, Ferreiro Varela, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Abstencións: 3 (tres) dos sres/as: Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data 18 de xullo de 2018, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS INCLUÍDA NA BASE 21 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data 18 de xullo de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Contratación, na súa sesión de data 6 de setembro de 2018, que literalmente di:

"A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos, nos termos que se recollan nos convenios e na normativa reguladora.

O Orzamento en vigor recolle na base 21 das de execución do orzamento os beneficiarios e os importes máximos das subvencións directas que contan con consignación nominativa, considerándose oportuno a introdución de tres novas subvencións nominativas.

En base a que se propón a adopción do seguinte

ACORDO

1. Aprobar a modificación da base 21 das de execución do orzamento do exercicio 2018, introducindo as seguintes subvencións nominativas:



Código do documento	Código do expediente
USG12I00TE	USG/2018/150
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6Q6G 033H 2D5U 0J5H 0CFK	

Aplicación orzamentaria	Beneficiario	Importe
341-48900	Portazgo Sociedad Deportiva	8.000,00 €
341-48900	Unión Deportiva Juvenil de Almeiras	14.775,66 €
9332-48900	Comunidade veciñal de monte en man común Xalo	3.500,00 €

2. De conformidade co sinalado no artigo 169 do Real Decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a presente aprobación será unha aprobación inicial, trala que a modificación exporase ao público por quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo, os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno.

A presente modificación considerárase definitivamente aprobada si durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións e entrará en vigor unha vez publicada na forma prevista no apartado terceiro do artigo 169 do RDL 2/2004.”

Consta no expediente nota informativa de Secretaría número 70/2018, de data 12 de setembro de 2018, que transcrita di:

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

70/2018

Téndose incluído na orde do día da sesión extraordinaria a celebrar polo Pleno da Corporación o vindeiro 13 de setembro de 2018 o punto relativo a proposta de aprobación da modificación da relación de subvencións nominativas incluída na base 21 das de execución do orzamento, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais(ROF), por esta Secretaría fanse as seguintes observacións:

Non consta no expediente o preceptivo informe do xefe da dependencia a quen corresponda a tramitación do expediente, tal e como esixe o artigo 172 do R.O.F., nin o preceptivo informe de Intervención(modifícase un documento que intergra o presuposto), polo que, a xuízo da que subscribe, o expediente non se atopa concluso, polo que non procede a adopción de acordo ata tanto non se subsane mediante a incorporación dos informes citados.

Por outra banda, no expediente figura un documento (código UEH12I00BZ) sen asinar. Sobre este particular, indicar que, a xuízo da que subscribe, un documento sen sinatura impide ter por certo o seu contido, polo que debe subsanarse este extremo. Ademais ,o sinalado en dito documento, a xuízo desta Secretaría non xustifica a concesión de subvencións directas.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa unha(1) plana. A presente nota é resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as observacións feitas poderán ampliarse de acordo co que dispón a normativa de aplicación.”

Consta no expediente informe do Interventor accidental de data 12 de setembro de 2018, que transcrito di:

“Unha vez vista a nota informativa 70/2018 emitida pola sra secretaria xeral, a sra concelleira delegada de facenda, patrimonio e contratación solicita a emisión dun informe sobre a modificación da base 21 das de execución do orzamento do exercicio 2018. Con tal motivo procédese a emitir o seguinte



Código do documento	Código do expediente
USG12I00TE	USG/2018/150
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6Q6G 033H 2D5U 0J5H 0CFK	

INFORME

Primeiro.- O expediente foi consultado coa intervención xeral con carácter previo a ser sometida a proposta a ditame da comisión informativa celebrada o 19 de xullo do presente ano, manifestando verbalmente con tal ocasión a interventora titular que non era preciso a emisión de informe de fiscalización sobre a mesma.

Ese mesmo criterio xa fora seguido con ocasión da aprobación por parte do Pleno en sesión celebrada o 26 de xuño de 2014 dunha proposta de iguais características á presente. Consultado o expediente de 2014, compróbase que con ocasión da tramitación do mesmo non se emitiu informe pola intervención xeral nen a secretaria xeral puxo naquela ocasión impedimento algún para que o mesmo fora incluído na orde do día do Pleno e sometido a aprobación polo mesmo.

Segundo.- Non obstante, por si non estivera suficientemente claro, indícase expresamente que non se formula reparo algún á aprobación do expediente e que este foi fiscalizado de conformidade.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que a proposta trata dunha modificación do orzamento, concretamente da base 21 das de execución, coa intención de introducir a maiores das existentes, tres subvencións de tipo nominativo; que este expediente, completo a día de hoxe, foi ditaminado positivamente na comisión informativa do día seis de setembro de dous mil dezaioito para poder levalo na orde do día do Pleno e que no momento en que este expediente se puxo a disposición da interventora municipal esta entendeu que non era necesario e preceptivo o seu informe, mantendo posteriormente a secretaria municipal un criterio disconforme entendendo necesario o dito informe, sendo incorporado ao expediente polo que neste momento se atopa completo desde o punto de vista documental; que o que se propón concretamente é a incorporación de tres conceptos, tres partidas, tres subvencións nominativas que se incorporan ao orzamento non pola razón de urxencia senón co procedemento de aumentar o orzamento e serían para a Comunidade veciñal de monte en man común Xalo en Castelo, por un importe de 3.500 euros, para O Portazgo, Sociedad Deportiva por un importe de 8.000 euros e para Unión Deportiva Juvenil de Almeiras por un importe de 14.775,66 euros; que toda a documentación estivo a disposición dos concelleiros en tempo e forma e na Comisión informativa a concelleira da área deu información precisa e detallada dos motivos dos conceptos establecidos e importes para cada unha das entidades referidas polo que solicitan o apoio da Corporación para esta proposta.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que a proposta de modificación das subvencións nominativas vén para tres entidades e que en principio todo o que sexa conceder subvencións a entidades municipais lle parece ben pero neste caso concreto lle xurden algunhas dúbidas pois por exemplo con respecto ao Portádego lle explicaron na comisión informativa que era por mor dunhas obras de mellora dentro dese campo de fútbol que non se podían realizar porque o campo non é de titularidade municipal e tiñan que alugar campos de fútbol para poder facer os partidos correspondentes, preguntándose se esta situación se vai alargar no tempo e esa obra se vai realizar cando o campo sexa titularidade do Concello vai ocorrer o mesmo e se vai ter que estar alugando continuamente ata a realización da obra serían uns cartos que todos os anos irían a esta entidade e non quedarían para outras, o que podería significar un caso de “favoritismo”; que é unha decisión política pero eles queren saber se esta situación se vai alargar no tempo ou non; que con respecto ao tema de Almeiras non sabe que IBI se paga por eses terreos pero lle parece excesiva a cantidade dos últimos catro anos, considerando que se o club non pode facerse cargo desa regularización catastral e se vai ceder ao Concello como teñen entendido, estaría exento de IBI.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o primeiro é replicarlle ao Sr. Diego Taibo polo comentario sobre o informe de Secretaría de que se remite para subsanación por parte do interventor accidental e que este di que “O expediente foi consultado coa intervención xeral con carácter previo a ser sometida a proposta a ditame da comisión informativa celebrada o 19 de xullo do presente ano, manifestando verbalmente con tal ocasión a interventora titular que non era preciso a emisión de informe de fiscalización sobre a mesma”; que non sabe a quen lle dixo verbalmente isto a interventora, se foi ao funcionario que suscribe o informe ou a algún dos membros do equipo de goberno e que considera que non é correcto dicir que o reparo da Secretaria queda subsanado máxime cando a Sra. Secretaria di que “ademais do



Código do documento	Código do expediente
USG12I00TE	USG/2018/150
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6Q6G 033H 2D5U 0J5H 0CFK	

sinalado en dito documento, a xuízo desta Secretaría non xustifica a concesión de subvencións directas”, polo que esto non parece subsanable ou cando menos hai que dicir que existe unha discrepancia á procedencia da xustificación desta concesión; que ademais ten que remitirse ao que dixo respecto da proposta anterior, pois esta foi tamén á comisión informativa de Facenda e Patrimonio e foi retirada porque a concelleira non foi quen de responder a peticións de aclaracións de cada unha das liñas incluídas, quedando no mes de xullo en que se motivaría e traendo agora este mes como motivación unha carilla para as tres cuestións que supoñen 14.000 euros unha, 8.000 euros outra e 3.500 outra, cunha pequena redacción en cada unha delas e nun escrito sen asinar, volvendo ao conto do saco de arroz de Aladino pois o equipo de goberno vai dispoñendo do orzamento municipal como quen colle dun saco sen control; que xa lle preguntaron á concelleira se era tan difícil achegar documentación a quen ten que decidir, que son todos os concelleiros e concelleiras, sobre o por qué é preciso unha subvención nominativa para un club de fútbol e que parece que é para o pago do IBI por unha actualización catastral, supoñendo que haberá documentación, sendo algo inexplicable e que non se pode xustificar que non se presente ante os que no Pleno van ter que levantar a man e decidir si, non ou abstención.

Continúa a súa intervención dicindo que se propón darlle outra subvención nominativa a outro club de fútbol para alugar un campo de fútbol público de herba artificial do recinto deportivo de Acea da Ma propiedade da Xunta de Galicia, da Secretaría Xeral para o Deporte; que para máis fastidio o clube para o que se solicita a subvención ten campo propio e ademais se lle financia o mantemento, curiosamente unha das cuestións que veñen este mes ao Pleno con reparo, preguntando se o Concello non asesora aos clubes sobre as subvencións da Deputación para cubrir gastos como o aluguer de instalacións porque el revisou convocatorias de subvencións e viu que existen subvencións do dito organismo para cubrir este tipo de gastos dos clubes e se o Sr. alcalde non fai ningún tipo de xestión para que un campo de fútbol propiedade da Xunta, o que quere dicir público, con sede en Culleredo, teña algún tipo de cesión para os clubes do municipio e que inexplicablemente as instalacións deportivas públicas sexan para facer negocio e non para a promoción do deporte base; e por que despois de investimentos de centos de miles de euros nos campos de fútbol de Rutis e no Burgo non hai capacidade de decisión municipal sobre o calendario e o horario de emprego deses campos de fútbol, e se os investimentos levaron aparelada una cesión de uso ou foron a fondo perdido.

Segue dicindo que con respecto á compra do todoterreo para a comunidade de montes de Celas, pregunta en que quedou o cacarexado convenio para investir 75.000 euros na parroquia a maiores dos que xa lle tocaba no orzamento, citando literalmente o convenio; que o anterior alcalde asinou un convenio que non someteu a referendo do Pleno e que polo tanto non compromete a nada tal como incidaron no seu día, que non ía fiscalizado pola intervención, supoñendo polo tanto papel mollado, tendo aquí a proba e non tendo maneira de aplicar a forza do convenio porque non a ten, vindo agora a que se tramite, nada menos que a través de subvencións nominativas, unha pequena limosna para ver se os teñen calados un tempo, faltándolle ao respecto á veciñanza, en primeiro lugar a Celas e tamén ao resto do municipio porque propoñendo subvencións nominativas, que deberían tender a cero e adicarse só a cuestións moi excepcionais e moi motivadas, o que se fai é detraer recursos para as subvencións por concorrencia ás que deben acudir todas as demais asociacións.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que ao seu grupo lle xurdiron demasiadas dúbidas ao ter constancia da pretensión do goberno municipal con esta proposta, traendo preparada a este Pleno unha intervención para falar sobre este punto de modificación da base 21 das bases de execución do orzamento de 2018 e que incluso, cando levantou a man para pedir a palabra, non sabía con seguridade o que ía dicir porque as dúbidas que xurdiron sobre esta modificación, sobre a concesión de tres subvencións nominativas ás entidades Portazgo S.D., Unión Deportiva Xuvenil de Almeiras ou á Comunidade Veciñal Monte en Man Común do Xalo, foron demasiadas, e entenden que hai que ter criterio político e que os concelleiros suponse que fan política e non teñen que estar revisando si os expedientes administrativos están tramitados correctamente pois se supón que o están e que os funcionarios do Concello os tramitan correctamente, os revisan, e cando se levan ao Pleno están como teñen que estar; non van valorar se a motivación que se inclúe na memoria resulta preocupantemente escueta ou se correspondería que estivera asinada polo responsable dun servizo ou doutro, descoñecendo se se fixo algunha avocación de competencias para a tramitación deste expediente dado o período de tramitación nos meses de verán, coincidindo

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG12I00TE	USG/2018/150
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6Q6G 033H 2D5U 0J5H 0CFK	

co período vacacional, nin tampouco as razóns para non facer un proceso de contratación pública, pero entenden que facer iso corresponde a outros órganos do Concello e non aos representantes políticos aos que entende lles corresponde facer política.

Continúa a súa intervención dicindo que falando en concreto da subvención que se pretende conceder a Unión Deportiva Xuvenil de Almeiras, aínda que o obxecto da mesma sexa a viabilidade económica da entidade, obxecto que lle parece bastante abstracto, e tendo en conta que na Memoria faise referencia a unha revalorización catastral dos terreos nos que se atopa o campo de fútbol desta entidade, deixando entrever que a Unión Deportiva Xuvenil de Almeiras non dispón de fondos para afrontar este gasto e tendo en conta a posibilidade que establece a Lei de subvencións para que o abono do tributo do IBI poida utilizarse como xustificante de subvencións sempre e cando fose aboado con anterioridade ao prazo de xustificación ou se atope nunha situación de aprazamento ou fraccionamento do pago, entende que pode ser viable pero que a eles o que lles interesa politicamente é incidir na motivación que leva ao equipo de goberno a abrir esa porta e iniciar un camiño moi espinoso ao seu entender, sentando un precedente moi perigoso, porque axudar ás entidades do Concello cando sofren dificultades é loable e moitas veces necesario pero outra cousa é asumir as obrigas fiscais das mesmas, preguntándose se esta é a única entidade do Concello que ten estes problemas e se por parte do grupo do PSOE se vai establecer este criterio de forma xeral para axudar a todas as entidades do Concello que se atopen en situacións similares, incidindo tamén en que se deberían establecer uns criterios para regular a concesión de subvencións polo que invitan ao goberno municipal a iniciar un proceso de negociación dunhas bases reguladoras nas que se establezan uns criterios para a concesión das subvencións e non funcionar "a salto de mata" dependendo de decisións unipersonais, sendo a súa maior dúbida cando comezou a falar foi se a viabilidade da entidade depende de aboar os tributos entenden que o Concello debería constatar se o ben está exento do pagamento do IBI por estar afecto a servizos municipais porque segun información que lle chegou e que solicitaron ante tanta dúbida sobre esta materia, e que lles chegou xusto cando estaban entrando pola porta, consta que desde o ano 2011 esta entidade ou este ben está exento do pagamento do tributo do IBI por estar afecto a servizos municipais, pagándose o ano 2014 supón que quizás lle chegaría a alguén o recibo e o pagou, pero o resto dos anos non se pagou polo que solicita encarecidamente que este punto quede sobre a mesa, que se constate esta circunstancia e non se dean cartos para pagar algo que non se ten que pagar.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que este expediente atragantouse o mes pasado cando houbo que deixalo sobre a mesa xa que cando pediron explicacións a concelleira responsable non soubo para que era, se os cartos relativos ao gasto que se propón de 8.000 euros eran para a xornada anterior ou para a futura e ante a falta de información e de resposta quedou sobre a mesa; que mes e medio despois volve o expediente outra vez cos deberes sen facer, parecéndolle increíble que outra vez a última hora tivera que vir a Secretaria titular dicir o que falta no expediente; que xa se pediran as razóns da proposta destas subvencións e se lles da un papel no que non aparece sinatura ningunha polo que non se sabe quen motiva esta solicitude, non aparecendo tampouco o recibo do IBI a pesar de telo solicitado por activa e por pasiva nas dúas comisións; que con respecto ao comentado sobre a cesión dos campos, di que ao seu entender os campos xa están cedidos, existindo un convenio de 25 ou 30 anos dependendo do equipo do que se trate, preguntando que se hai un convenio do ano 2015 para a realización de reformas e mantemento deses campos por que non se cumpre, habendo ademais un orzamento no que aparece contemplada unha partida, unha cantidade importante para algún destes campos, o que tampouco se aplicou; que na comisión informativa lle preguntaron á señora concelleira polos motivos e dixo que se ía facer unha obra que saía máis cara do previsto pero a preguntas sobre cal era a obra e en canto estaba valorada e canto ía custar, non contestou, polo que o primeiro será ver se hai un convenio do 2015 e caso de que o haxa ver se se cumpre ou se non por que razón, valorando canto se lles debe a eses campos e a eses equipos desde o momento en que se asinou o convenio a portas das eleccións do 2015, parecendo que agora o que se pretende é dar unha limosna para que queden contentos, pedindo que se cumpla o convenio.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00TE	USG/2018/150
